

ACTA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA 26 de xullo 2020

No Hotel Congreso de Teo, ao 26 de xullo de 2020, reunidos en segunda convocatoria, ás 10.32 horas, os membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Ciclismo (FGC) debidamente acreditados que se relacionan ao final da presente acta.

D. Juan Carlos Muñiz Nieto, Presidente da FGC, dá comezo á Asemblea Xeral Ordinaria dando a benvinda e as grazas pola participación e asistencia aos asembleístas, presentado os puntos da orde do día.

Toma a palabra, Dña. Begoña Carpinteiro Carpinteiro, Secretaria da FGC, para pasar lista dos asistentes, e indicar que son 13 asembleístas debidamente acreditados para o recuento dos votos.

Seguidamente, o Presidente dá paso á orde do día establecido na convocatoria.

1. Aprobación da acta da reunión anterior con data 7 de decembro de 2019

O Presidente explica que desde hai algún tempo non se len as actas, que directamente se envían e se hai algunha observación trátanse nas asembleas. Non habendo ningunha observación ao borrador, sométese a votación, quedando aprobada a acta por unanimidade de todos os presentes.

2. Aprobación das Contas anuais do exercicio 2019

a) Exposición das Contas

En primeiro lugar, o Presidente presenta o Balance de Situación das contas 2019 cun saldo positivo ao final do exercicio, pero indica que os fondos propios seguen en negativo, que se van incrementando pola regularización de saldos anuais da débeda antiga de dubidosa cobranza. Destaca que o máis significativo da situación contable é o peche en positivo dos exercicios dos tres últimos anos, pero realmente o patrimonio neto da FGC segue aumentando en negativo. Detalla algúns datos: en 2014: o resultado do exercicio foi -11.000€, en 2015: -18.000€, en 2016: -8.692€, en 2017: 20.825€, en 2018: 45.000€, en 2019: 19.205,57€. Pero o patrimonio neto paso a estar en 2014: -52.000€, 2015: -68.000€, en 2016: -82.000€, en 2017: -93.000€, en 2018: -50.000€ e en 2019: -88.785,27 regularizando os saldos de dubidosa cobranza. En definitiva, afirma que estas son perdas dos exercicios de anos anteriores.

Continua coa exposición do Balance de Situación, destacando o incremento importante no número de licenzas e actividades poñendo en valor o traballo dos clubs, xunto á colaboración da propia FGC conseguindo sacar grandes eventos deportivos, dando promoción e difusión ao noso deporte. Dá conta do activo e pasivo reflectido no documento, explica que o fondo de manobra agora mesmo está en negativo pero isto non repercute na xestión da propia Federación. Nestes momentos, comunica que non existen débedas con ningún banco adquirido, nin a curto, nin a longo prazo, por conseguinte, depéndese dos recursos propios que se xeran sendo a maior parte da venda das licenzas, ademais da subvención da Secretaría Xeral para ou Deporte e de subvencións das Deputacións por realizar algúns eventos, doazóns, Concellos e empresas privadas.

En segundo lugar, debulla o documento da Conta de Perdas e Ganancias: 1. Ing. da entidade pola súa actividade propia. 2. Axudas monetarias e outros gastos. 3. Vtas outros ing. ordinarios de act. mercantil. 6. Aprovisionamentos. 7. Outros ingresos de explotación. 8. Gastos de persoal 9. Gastos de explotación. 10. Amortización do inmovilizado. 13. Deterioración e rtdo. por enaj. do inmov. Para concluír o presente informe, o Presidente desexa que a situación se poida liquidar e a intención para estas dúas próximas tempadas é axustar todo o posible para reverter a débeda da FGC nesta lexislatura.

Ábrese a quenda de intervencións por parte dos assembleístas.

D. Francisco Brea, en representación do Betanzos, C.C., pregunta se a tendencia negativa dos fondos propios podería variar. O Presidente responde que é unha débeda de dubidosa cobranza, pasado un tempo vaise regularizando pero pertence a anos anteriores, non ao exercicio para derivar a perdas, senón aos fondos propios.

D. Iván Lorenzo, en representación do estamento de xuíces-árbitros, manifesta que se calquera assembleísta pode pedir as contas na Federación en calquera momento, quéixase de que solicitou cita para revisar as contas a través dun correo electrónico e non tivo resposta. O Presidente indica que o proceso para pechar as contas 2019 tardou debido á situación sanitaria actual e agora mesmo, unha vez pechadas, xa están dispoñibles para a súa consulta. Pídelle desculpas a D. Iván Lorenzo e queda á súa disposición e á de todos os assembleístas para poder revisar as contas.

b) Informe da Comisión Delegada

A Secretaria dá lectura do informe favorable da Comisión Delegada das Contas 2019 en cumprimento dos Estatutos da FGC.

Sen máis observacións ao presente punto, sométese a votación quedando a mesma como segue: votos en contra 0, abstencións 1 (D. Iván Lorenzo) e a favor 12 votos. As contas anuais do exercicio 2019 quedan aprobadas pola Asemblea Xeral da FGC.

3. Aprobación da xestión do Presidente

a) Memoria das actividades realizadas en 2019

O Presidente, D. Juan Carlos Muñiz Nieto expón un resumo das xestións realizadas durante a tempada 2019. Sinala que a FGC conta con competencias delegadas do goberno autónomo (Secretaría Xeral para o Deporte) na organización de campionatos, emisión de licenzas e toda a xestión da promoción do ciclismo en todas as súas modalidades. Durante a tempada 2019, grazas á colaboración dos clubs que crecen cada ano sacáronse adiante grandes eventos deportivos. A FGC rescatou dous Campionatos de Galicia que quedasen desertos, dos nove celebrados, ademais dos eventos organizados pola propia Federación, a Volta a Galicia, Volta a Coruña, Copa de España Ciclocrós e a aposta importante do Campionato de España de Ciclocrós en Pontevedra. Tamén celebrouse un Open de España de Enduro, Open de España de Maratón, Campionato de España de Enduro e Copa de España de Ciclismo Adaptado. Destaca o medalleiro dos deportistas galegos nos Campionatos de España. A colaboración con outras comunidades autónomas coa celebración do Trofeo Astur-Cántabro-Gallego. As Copas Galicia celebradas en todas as disciplinas. Para concluír a memoria, sinala que a finalidade é a promoción do ciclismo, xerar actividade e ilusión,

crear un calendario atractivo para chegar a todo tipo de ciclistas (competición, lecer, cicloturismo).

b) Informe da Comisión Delegada

A continuación, e antes da votación deste punto, a Secretaría dá lectura, do informe favorable de Comisión Delegada da xestión do Presidente do ano 2019 en virtude dos Estatutos da FGC.

Non formulándose observación algunha á xestión presidencial, sométese a votación quedando a mesma como segue: votos en contra 0, abstencións 1 (D. Iván Lorenzo) e a favor 12 votos. A xestión do Presidente durante o ano 2019 quedan aprobada.

4. Varios, Rogos e Preguntas

En primeiro lugar e antes de dar paso ás intervencións dos assembleístas, o Presidente, D. Juan Carlos Muñiz Nieto dá conta da situación excepcional producida pola pandemia do Covid-19. Ao seu termo e ao xurdir dúbidas sobre este asunto, dáse traslado ás preguntas dos asistentes.

D. Francisco Brea, na súa calidade de representante do Betanzos, C.C., mostra a súa preocupación pola baixada no número de licenzas na tempada 2020, pide que desde a FGC realícese algún tipo de campaña para promover a licenza ou o carné ciclista. Desde a Directiva tómase nota da suxerencia do representante do Betanzos, C.C.

Intervén, D. Carlos Moure, representante do Ourensano, C.C. para sinalar en primeiro lugar, que a seguridade dos ciclistas é o que debe primar. Desde o seu club loitan desde hai varios anos para mellorar a seguridade viaria (actualmente coa implantación das cámaras). Crítica á FGC que unicamente a campaña que fixo coa seguridade é a referente á visibilidade. En segundo lugar, acusa á Real Federación Española de Ciclismo (RFEC) e as dezasete autonómicas por desvirtuar ao ciclismo federado do non federado, xerando un malestar xeral no colectivo. E por último, lembra que o Ourensano, C.C. leva anos protestando contra a organización dos eventos deportivos por parte da FGC, que a día de hoxe segue exactamente igual. Engade que a FGC ten potestade para organizar o ciclismo como estime conveniente dentro da Lei do Deporte, sen o amparo da RFEC, nin da UCI para as probas autonómicas. Pide que os 70.000€ dirixidos á RFEC ou os 120.000€ da Volta a Galicia destínense para organizar probas para cadetes e escolas. Solicita un cambio de sistema para non seguir ancorados tentando manter un gran evento (Volta a Galicia) desde o punto de vista mediático, pero non deportivo, dada a baixa participación de corredores galegos.

O Presidente explica a D. Carlos Moure que a Volta a Galicia é un evento cunha subvención específica, cunha partida de 65.000€ por parte da Secretaría Xeral para ou Deporte (SXD), e o resto son achegas dos Concellos para cada etapa. A FGC solicitou á SXD que non se perda a Volta a Galicia, pero que se de un xiro ao evento. A FGC é consciente que se esta non organiza a Volta a Galicia, este evento perderase sendo unha das mellores voltas do ciclismo amateur e un escaparate para que moitos dos deportistas galegos poidan dar o salto a equipos profesionais. Respecto ao tema da seguridade viaria, o Presidente informa que se sacou a campaña do “facerche ver”, a do “metro e medio” e outra campaña cos chalecos reflectores a través da Consellería de Infraestruturas. En referencia ao tema da licenza, o Presidente lembra a D. Carlos Moure a axuda e apoio que prestou ao Ourensano, C.C. á hora de presentar nunha Asemblea da RFEC, a proposta

de anular as sancións aos deportistas federados na participación de eventos non federados e conseguiron sacar adiante.

D. José Antonio Ramos, representante do Teis, C.C., intervén para queixarse que un neno poida correr o sábado pola tarde e o domingo pola mañá no mesmo fin de semana. E que tamén se dan casos de nenos que corren en xornada de mañá e tarde no mesmo día. Considera que é algo que non se pode consentir.

Para dar resposta, dáse lectura á nova normativa técnica da FGC 2020 no art. I- K.- Ciclismo Escolar: “só poderase participar cun límite máximo de 25 probas ao longo da tempada, fóra das probas de Mini DH que non entrarán neste cómputo. Sen intervalo de días entre elas. Soamente, poderá participar nunha proba por día”

Toma a palabra D. Iván Lorenzo, polo estamento de xuíces-árbitros, para abordar o problema existente co colectivo arbitral en referencia á tributación das dietas percibidas polas arbitaxes correspondentes á tempada 2019. Crítica as formas na xestión e falta de comunicación por parte da FGC na presentación da devandita tributación, considerando un problema serio. Afirmar que houbo compañeiros afectados por atoparse en situacións especiais que foron gravemente prexudicados, que aceptaron arbitrar ao non ter a obrigaón inicial de tributar.

O Presidente reconece a falta de comunicación e achaca a súa coincidencia á incerteza xerada nos meses en plena pandemia do Covid-19. Que a presentación dos datos a Facenda veu xerada por unha inspección na que se solicitaron os maiores de cada árbitro. A FGC deu solución ao problema enviando os datos para elaborar as complementarias de todos os árbitros afectados antes de finalizar o prazo no mes de xuño, comprometéndose a asumir os custos das xestións de dicha complementarias, pero afirma ao mesmo tempo, que é inadmisíble unha subida do 15% nas cantidades percibidas tal e como piden algúns dos xuíces-árbitros no seu escrito como solución ao conflito, a FGC xa pagou o 2% do IRPF e a sanción correspondente a Facenda. Respecto ao motivo de non tributar inicialmente no ano 2019 foi debido ás constantes ameazas por unha banda dos xuíces-árbitros de non arbitrar e querer parar a actividade. Neste sentido, despois de levar varios anos tentando regularizar a situación dos árbitros, o Presidente comunica que para a tempada 2020 tal e como se acordou, tributácese seguindo o modelo de plataforma da RFEC. Por último e a pedimento de varios asembleístas acórdase convocar unha reunión por medios telemáticos entre a FGC e o CTA para tratar todo este asunto.

Para concluír, os asistentes lamentan a falta de asistencia da maioría dos asembleístas a estas reunións, algo que é constante durante anos.

Para clausurar a presente Asemblea Xeral, o Presidente reitera o agradecemento a todos os presentes pola súa participación e asistencia.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13.23 horas, e que como Secretaria, CERTIFICO co Vº e pr. do Presidente:

VºBº

O Presidente,

Juan Carlos Muñiz Nieto

A Secretaria

Begoña Carpinteiro Manteiga

LISTADO DE ASAMBLEÍSTAS

1. Presidente FGC, D. Juan Carlos Muñiz Nieto

Estamento de clubes

2. Betanzos, CC (rep. D. Francisco Brea Sánchez)
3. Bici Verde, CC (rep. Dña. Begoña Carpinteiro Manteiga)
4. Monteneme, CC (D. Victor González Gende)
5. Orensano, CC (D. Carlos Moure Castro)
6. Pontareas, CC (D. Pablo Javier Alarcón Cortés)
7. Teis, CC (D. José Antonio Ramos Basteiro)
8. Vigués, CC (rep. Dña. María José Prado Villar)

Estamento de deportistas

9. D. Esteban Lorenzo Vila

Estamento de técnicos

10. D. Jose María Alvarez Fajar
11. Dña. Paula Lomba Rodríguez
12. D. Noé Rodríguez Fernández

Estamento de xuíces-árbitros

13. D. Iván Lorenzo Redondo